



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Leopoldo Cadaya Vidal
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Areal
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Adolfo Pérez Abellás
D. José Pose Blanco
D. Manuel Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. Xoan Soxé Santamaría Conde
D^a Nieves Redondo Álvarez
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do nove de xullo de mil novecentos noventa e nove, ás 8.30 horas en primeira convocatoria e ás 9.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 9 de xullo de 1999**, ás 9:00 horas, comezou a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-lo seguinte punto da orde do día:

PUNTO ÚNICO: Normativa pola que se determinan as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Secretaria Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

O Vicerrector de Profesorado indica que o documento que se somete a aprobación foi aprobado por unanimidade na Comisión de Docencia. Explica as modificacións máis salientables con relación á normativa anterior de data 2 e 8 de xullo de 1996 modificada na sesión de Xunta de Goberno de 27 de maio de 1997.

Ábrese un turno de palabra.

O profesor Corbacho propón que no parágrafo a) do artigo 21 se diga "... ou renunciase á toma de posesión da praza ..." en lugar de "... ou renunciase á praza ...". Di que a redacción agora proposta contradice o regulamento de profesorado.

O Profesor Durany non está de acordo e considera máis axeitada a redacción inicial. Di que esta redacción é unha cautela que preserva os dereitos dos candidatos propostos por unha Comisión e que se non existe esta cautela poderían lesionarse os dereitos do resto dos candidatos.

No mesmo sentido se manifestan os profesores Gago, Membiela e Reigosa argumentando que a redacción proposta recolle máis situacións, non obriga ó Departamento e aproveita un traballo xa feito pola Comisión.

O Profesor Corbacho incide na súa proposta xa que, na súa opinión, o resto xa está no artigo 17.3 do regulamento de profesorado.

O Profesor Santamaría manifesta a queixa de que a Xunta de PDI non foi consultada neste tema e pide que no sucesivo reciba toda a documentación que afecte a temas de profesorado. Tamén indica que no artigo 9 debe cambiarse publicación por notificación.

O Profesor Durany non está de acordo xa que incluso en prazas BOE se publican os nomeamentos. En relación a outros artigos, resalta positivamente o incluído no artigo 13 sobre a especificación das áreas básicas ou propias e afíns.

O Profesor Outes pregunta cando se vai regular a contratación de profesores visitantes (O Vicerrector de Profesorado responde máis adiante).

O Profesor Barreiro prefire no artigo 9 o termo "notificación directa ós interesados". Tamén propón que na táboa final se elimine a referencia a profesores PP2 xa que este tipo de prazas non sae a concurso.

O Profesor Tojo di que en prazas de asociados, cando tódolos candidatos admitidos sexan dos chamados "sen requisitos" habería que cambiar o baremo porque en caso contrario sería inxusto.

O Profesor Membiela non está de acordo xa que pode ponderarse o periodo de experiencia profesional e, en todo caso, o total de puntos debe entenderse como máximo.

O Profesor Pose pide que conste en acta que en Xunta de Goberno se pedira un informe xurídico sobre a legalidade dos asociados "sen requisitos".

A continuación procédese á votación, despois de que o Vicerrector indicara a eliminación da referencia ós profesores PP2 (última folla).

Artigo 9:

Votos a favor do texto	26
Votos a favor da proposta do Profesor Santamaría (cambiar a publicación por notificación)	1
Abstencións	6

Manténese o texto do artigo 9.

Artigo 21:

Votos a favor do texto	22
Votos a favor da proposta do Profesor Corbacho	5
Abstencións	7

Manténese o texto do artigo 21.

(O Profesor Corbacho pide que consten en acta as razóns do seu voto negativo, que son as que xa explicou na súa intervención).

Por último faise unha votación global do documento:

Votos a favor	28
Votos en contra	2
Abstencións	4

Apróbase a normativa pola que se deteminan ás bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:00 h. do día 9 de xullo de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo